



**Presidencia FGTM**

José Luis Cabaleiro  
Fernández Luis Ksado 17  
Local 20  
36209 – Vigo (Pontevedra)  
Tel: 986227189 / Fax: 986223790  
Móbil: 617388648  
Web: [www.fgtm.es](http://www.fgtm.es)  
[presidencia@fgtm.es](mailto:presidencia@fgtm.es)  
CIF: V15149453



XUNTA  
DE GALICIA

PRESIDENCIA



DEPORTE  
GALEGO

**ACTA ASEMBLEA XERAL**

En Santiago de Compostela a 22 de xuño do 2022,

En Segunda convocatoria celebrada as 16:30h a Asemblea Xeral Extraordinaria da FGTM para a aprobación do Regulamento Electoral e Calendario electoral estimativo así como da Xunta electoral.

**Asistentes a Asemblea Xeral:**

José Luis Cabaleiro Fernández  
Presidente da FGTM

José Fernández Albores  
Estamento Xogadores

Antonio Castro Montenegro  
Estamento Xogadores

Carlos Alonso Piñeiro  
Estamento Xogadores

**Coa seguinte Orde do Día:**

**1. Aprobación Regulamento Electoral.**

Como consecuencia da reclamación interposta por Manuel Pereiro Pérez, repítese a Asemblea Xeral para a aprobación do Regulamento Electoral e Calendario Estimativo.

Procédese á lectura das reclamacións efectuadas polos Sres. Pereiro e Sanmartín, someténdose ó parecer da Asemblea:

## **Primeira reclamación:**

*Artigo 6. Das persoas electoras e elixibles á Asemblea Xeral. 1. a) e b)*

**No caso de que, por causa de forza maior, non se tivesen realizado competicións deportivas oficiais no período indicado anteriormente, abondará con ter participado nunha competición deportiva oficial na tempada do último calendario oficial desenvolvido.**

- **RESPOSTA:**

O tema de forza maior que motivaría non realizar competicións deportivas sería a COVID e esa posibilidade xa se recolle no regulamento como posibilidade como instaba o modelo da SX DEPORTE que indica o seguinte:

**OBRIGATORIO: Ter participado, nunha competición deportiva oficial celebrada en alomenos dúas tempadas.**

TEMA COVID (art 6.3)

*“2º Ter licenza federativa en vigor pola correspondente federación deportiva galega na data de convocatoria das eleccións e as dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións.”*

*“3º Ter participado nas tempadas 2020/2021, 2019/2020 ou 2018/2019, nunha competición deportiva oficial celebrada en alomenos dúas tempadas. Dadas as excepcións circunstanciais ocasionadas pola evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma, a referencia ás participacións nas competicións oficiais nas dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións do artigo 8.1.a), amplíase ás tempadas 2018/2019, no caso das persoas deportistas ou técnicas/adestradoras que non competiran (ben pola falta de competicións ou por unha causa persoal que impidira a participación), polas circunstancias excepcións da pandemia, nas dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións.”*

No caso da FGTM existe certificación por parte da SXD de data 20/4/2022 de aprobación dos calendarios oficiais de todas as temporadas ( 21/22,20/21,19/20 e ademais por se fose necesario 18/19 que non é o caso). Non cabe forza maior neste caso.

**NON SE ESTIMA O ARGUMENTO.**

## **Segunda reclamación:**

### ***Artigo 9. Mesas electorais.***

*Para a celebración das votacións constituiranse tres tipos de mesa electoral:*

- I) Mesa electoral para a votación a candidaturas da assemblea xeral da federación Galega de Tenis de Mesa. Constituiranse as seguintes mesas electorais:*

**Constituiráanse TRES mesas electorais.**

**O horario de apertura das mesas será o seguinte: 12:00 a 20:00 horas.**

**Ubicaranse nos seguintes locais:**

- a) Sede FGTM Calle Fótografo Luis Ksado 17. Of. 20 – Vigo.  
Na que votarán os electores das provincias de: Pontevedra e Ourense.**
- b) Local de xogo do Arteal TM, no Estadio Multiusos de San Lázaro – Santiago.  
Na que votarán os electores da provincia de: A Coruña.**
- c) Sede ou Local de xogo de T.M. Vilalba – Lugo  
Na que votarán os electores da provincia de: Lugo.**

### **• RESPONSTA:**

Cúmpranse os mínimos requiridos pola normativa e indicados para a elaboración do regulamento pola SX no que se indica:

...”cando a circunscrición electoral sexa AUTONÓMICA constituiranse como mínimo dúas mesas electorais, unha das cales deberá de localizarse na provincia con maior número de persoas electoras conforme ao censo electoral e a outra na provincia que ocupe o segundo lugar en canto ao número de persoas electoras e deberá constar tamén as circunscricións electorais que abranguen.”

.... “Este horario non pode ser inferior a catro horas ininterrompidas. A data da votación deberá ser un sábado, domingo ou un día festivo Poderá autorizarse a celebración da votación noutro día no caso de que concorra causa xustificada.”

**Tamén no art 32 do Decreto 16/2018 :**

“2. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario que se fixe na súa convocatoria, que non poderá ser inferior a catro horas ininterrompidas. Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse as votacións. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste suposto, a xunta electoral fixará unha data para a nova votación.”

**Entendese que coas dúas mesas e co voto por correo, e cos horarios establecidos sería suficiente (tamén nos mínimos indicados) como ata o de agora se viña facendo.**

**NON SE ESTIMA A PETICIÓN**

### **Terceira reclamación:**

1. *A mesa electoral de cada circunscrición estará composta por tres membros titulares ... Serán presidente e secretario ... A asistencia á mesa electoral é obrigatoria ....*

**Os membros das mesas electorais constituídas para a elección dos membros da assemblea xeral percibirán unha indemnización de 50,00€ co obxecto de sufragar os posibles gastos ocasionados.**

#### **• RESPOSTA:**

Nunca se incluíron dietas ata o de agora e no modelo da SX DEPORTE NON SE RECOLLE ESA OPCIÓN.

**NON SE ACEPTA ARGUMENTO.**

### **Cuarta reclamación:**

#### ***Artigo 19. Proporcionalidade na composición da Asamblea Xeral.***

1. *A porcentaxe de cada estamento será nas seguintes proporcións:*
- Representantes de entidades deportivas: **70%. (28 membros).***
  - Representantes de deportistas: **20% (8 membros, dos cales 1 debe ter a consideración de deportista de alto nivel).** Unha porcentaxe ...*
  - Representantes de adestradores e adestradoras: **5% (2 membros).***
  - Representantes de xuíces/árbitros: **5% (2 membros).***

#### **• RESPOSTA:**

Aínda que no modelo da SX DEPORTE RECOLLESE EN %, estimamos alegación proponendo mantela porcentaxe e recollendo tamén a proporcionalidade numérica coma se recolle no artigo 17 dos Estatutos da FGTM:

*“Artigo 17. A Asemblea Xeral estará integrada por 40 membro electos e a representación dos estamentos sinalados anteriormente responderá ás seguintes proposicións:*

- 70% de entidades deportivas, co que lle corresponden 28 membro.*
- 20% de deportistas, xo que lle corresponden 8 membros.*
- 5% de adestradores e técnicos, co que lle corresponden 2 membros.*
- 5% de xuíces e árbitros, co que lle corresponden 2 membros.”*

**ESTÍMASE A RECLAMACIÓN**

### **Quinta reclamación:**

*Artigo 20. Das persoas candidatas a membros electos da assemblea xeral.*

2. *Poderá ser persoa candidata ...No prazo de 5 días **HÁBILES** contados desde a publicación do censo definitivo.*

#### **• RESPOSTA:**

No Decreto 171/2021, do 23 de decembro, polo que se modifica o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas (DOG do 29 de decembro de 2021) na súa exposición de motivos, establécese como importante novidade, e **de forma xenérica a todo o texto, a referencia ao cómputo de prazos por días hábiles** (fronte á redacción orixinaria do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, que se refería a días naturais), profundando nun sistema máis garantista para o conxunto das persoas interesadas. Polo que :

**NON SE ESTIMA ESTA ALEGACIÓN**

### **Sexta reclamación:**

*Artigo 22. Proclamación dos membros da assemblea xeral.*

1. *Unha vez realizado o escrutinio do voto por correo ...En caso de empate entre dous ou mais candidatos aplicaranse o seguinte criterio:*

**Se houberse empate entre dous ou mais candidatos e non lle correspondese praza na assemblea a algún deles, determinarase quen ou quenes ocuparán os postos correspondentes mediante sorteo público, realizado pola xunta electoral.**

#### **• RESPOSTA:**

A resposta recollida no noso regulamento, foi a aconsellada pola SX DEPORTE xa que non tiñamos antecedentes para ese criterio:

*“Para o caso de clubs o mais antigo ou o que tivo maior número de licenzas na última tempada. Para o caso dos deportistas xuíces e adestradores os que teñan a licenza máis antiga no estamento polo que se presentaron e se persiste o empate, o de máis idade.”*

**NON SE ACEPTA ARGUMENTO.**

### **Sétima reclamación:**

*Artigo 25. Elección de membros da comisión delegada.*

4. *O seu mandato coincidirá co da assemblea xeral ... Actuará como secretario ...*  
**No caso de que, unha vez elixida a comisión delegada, se produzan baixas ou vacantes entre os seus membros, están substituíranse anualmente, por elección entre os estamentos correspondentes.**

• **RESPOSTA:**

No noso regulamento recóllese o estipulado, en ningún caso fálase de baixas ou vacantes, niso estaríase de selo caso, ao reflectido nos Estatutos FGTM e na normativa aplicable no referente á COMISIÓN DELEGADA.

Mantense polo tanto para este caso, o texto do modelo acorde a normativa sen referencias a vacantes ou baixas da Comisión Delegada ,quedando **“O seu mandato coincidirá co da asemblea xeral. Será presidida polo presidente da federación como membro nato desta. Actuará como secretario da Comisión Delegada o da federación”**.

**NON SE ESTIMA ARGUMENTO.**

Lido o regulamento e as alegación interpostas por Manuel Pereiro Pérez e José Antonio Sanmartín Gil, procedese á votación do mesmo:

Votos a favor: 4  
Votos en contra: 0  
Abstencións:0

**Aprobase o regulamento electoral, o cal foi publicado no apartado “Proceso electoral 2022” da páxina web da FGTM coa única incorporación da alegación 4ª das presentadas en referencia o artigo 19 do mesmo.**

**2. Aprobación Calendario Electoral estimativo.**

Como consecuencia da impugnación da Asemblea celebrada o día 12 de maio de 2022, procédese á votación para a aprobación do calendario estimativo publicado o día 8 de xuño de 2022 xunto coa convocatoria.

Votos a favor: 4  
Votos en contra: 0  
Abstencións:0

Don Carlos Alonso fai unha matización a este calendario xa que segundo o disposto no artigo 15.3 do Decreto 16/2018, de 15 de febreiro a convocatoria deberá ter lugar en ano en que se celebren os Xogos Olímpicos de Inverno establecendo como data límite para a toma de posesión dos membros electos dos órganos de representación e goberno da federación, **o día 31 de decembro de 2022**, e coa aprobación deste calendario nesta data, a toma de posesión tería lugar o 25 de xaneiro de 2023, **o cal non está permitido pola normativa aplicable.**

**“Art 15.3 Decreto 16/2018:**

**3. A convocatoria de eleccións deberá realizarse no ano que teñan lugar os Xogos Olímpicos de Inverno e deberá establecer como data límite de toma de posesión dos novos membros electos dos órganos de representación e goberno de cada federación deportiva o 31 de decembro dese ano respectando, en todo caso, os catro (4) anos máximos de mandato establecidos no artigo 58.6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.”**

Polo tanto, xa que tanto o regulamento e o calendario xa foran revisados pola Secretaría Xeral para o Deporte no prazo dun mes previsto na normativa electoral trala súa aprobación, e non constando apreciacións desfavorables ao mesmo agás a repetición da Asemblea, **proponse que se aprobe tamén o calendario inicial no que se respecta un proceso electoral que cumpre cos prazos e remata no mesmo ano da convocatoria.**

Procédese á votación da proposta de Carlos Alonso:

Votos a favor: 4

Votos en contra: 0

Abstencións:0

En todo caso, coa aprobación de ambas propostas, **deberá ser a Secretaría Xeral para o Deporte quen estime o calendario aplicable, sabendo que o primeiro calendario non cumpriría o requisito esixido da toma de posesión no ano natural.**

### **3. Elección da Xunta Electoral.**

Noméase os seguintes compoñentes da Xunta Electoral:

- Don Ramón Tubío Villanueva
- Don Manuel Angel García Lobato
- Don Manuel Carrasco
- SUPLENTES:
  - o Dona Mónica García Lobato
  - o Don Luís Alberto Puga Trigas
  - o Don Antonio Vidal Vidal

### **4. Delegación da Asemblea na persoa do Presidente da FGTM.**

Acórdase conforme a normativa, a delegación no Presidente da FGTM para efectuar calquera modificación ou emenda ó calendario ou regulamento que sexa plantexada pola Secretaría Xeral para o Deporte acorde co procedemento establecido a partir da celebración desta Asemblea, co seguinte resultado na votación:

Votos a favor: 4

Votos en contra: 0

Abstencións:0

*“Art 17.4 Decreto 16/2018:*

*4. No caso de que sexa necesario proceder á emenda do regulamento electoral, é potestativo de cada federación, e sempre que así se acorde **expresamente na asemblea xeral que aprobe o regulamento electoral**, a convocatoria dunha nova asemblea xeral para a aprobación do regulamento electoral coas modificacións indicadas pola*

*Secretaría Xeral para o Deporte, ou ben a delegación na xunta directiva ou na presidencia da federación deportiva a facultade de realización e aprobación das modificacións indicadas sen necesidade de novo sometemento á aprobación da asemblea xeral. Realizadas as modificacións, o novo regulamento remitirase á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa aprobación definitiva.”*

Finaliza a sesión sendo as 17:10 horas do día 22 de xuño do 2022.

Asinado: José Luis Cabaleiro Fernández